

Aprobada a iniciativa de Veciñanza para retomar o proxecto dunha Gardería Pública en Cuntis

O apoio unánime dos catro grupos da Corporación Local sitúa agora en mans do Alcalde a responsabilidade de trasladar este acordo á Xunta de Galicia

Cuntis, 4 de xuño de 2018. O pleno do pasado xoves **aprobou por unanimidade a iniciativa de Veciñanza para retomar o proxecto de Gardería pública en Cuntis.** No ano 2009, o Goberno Galego contaba cun proxecto para a construción dunha Escola Infantil Pública (de 0 a 3 anos) da rede da Xunta de Galicia nunha parcela que o Concello de Cuntis cedera previamente. Localizado nas proximidades do actual Centro de Día, aquel proxecto contemplaba unha superficie construída de máis 600 metros cadrados con cinco aulas, unha área de xogos e unha pequena horta. Desgraciadamente, a chegada á Xunta de Galicia do Partido Popular de Alberto Núñez Feijóo supuxo a paralización deste proxecto.

Agora, en tempos nos que se afirma que foron superadas as dificultades económicas da crise, **Veciñanza recolle unha demanda de amplísimo respaldo en Cuntis para levala ao seu debate no pleno. Unha demanda que atinxe, principalmente, á mocidade. Veciñanza vén sostendo que un dos elementos imprescindibles para fixar poboación no rural é a implantación de servizos públicos de calidade.** O caso de Cuntis é paradigmático, porque ademais das súas carencias nesta materia presenta unha poboación notablemente avellentada e en constante diminución. No tocante ás cifras de natalidade, dende hai máis de dúas décadas, a media de nacementos anuais sitúase en 31. Os cambios sociolóxicos experimentados na nosa sociedade fan que necesidades como a conciliación adquiren hoxe aínda máis prioridade que a que podía ter en décadas anteriores.

O apoio unánime dos catro grupos da Corporación Local sitúa agora en mans do Alcalde a responsabilidade de trasladar este acordo á Xunta de Galicia. Cómpre que parta do Grupo de Goberno unha iniciativa decidida que conta co respaldo do resto de grupos e que pelexe por achegar a Cuntis unha infraestrutura tan necesaria como sería esta para reforzar a oferta de servizos sociais públicos no noso municipio.

